

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE XUÑO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que van executar as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria, por un importe total de setecentos vinte mil euros (720.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos na normativa reguladora das subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2025 e 2026, e se procede á súa convocatoria. Importe total: un millón sesenta e sete mil oitocentos sesenta euros (1.067.860,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Gallega de Asociaciones en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (Fademga Plena Inclusión Galicia), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e do mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2025. Importe: douscentos sesenta e cinco mil catrocentos oitenta euros (265.480,00€).
- Acordo polo que se autoriza a solicitude de ditame do Consello Consultivo sobre a interposición de recurso de inconstitucionalidade en relación co Real decreto lei 2/2025, do 18 de marzo, polo que se aproban medidas urxentes para a garantía do interese superior da infancia e da adolescencia ante situacións de continxencias migratorias extraordinarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á mellora da seguridade, da competitividade e da obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Rehabilitación superficial do firme da AG-11", cun orzamento base de licitación de once millóns novecentos vinte e un mil oitocentos setenta e tres euros con doce céntimos (11.921.873,12€) e un valor estimado de nove millóns oitocentos cincuenta e dous mil setecentos oitenta e sete euros con setenta céntimos (9.852.787,70€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do "contrato de servizo para a realización dos traballos: Conservación ordinaria e vialidade invernal da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG)", cun orzamento base de licitación de cento oitenta e tres millóns seiscentos cinco mil seiscentos sesenta e oito euros con noventa e nove céntimos (183.605.668,99€) e un valor aproximado de cento oitenta e nove millóns catrocentos nove mil novecentos sesenta e sete euros con trinta e sete céntimos (189.409.967,37€).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 30 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas denominadas R3 e R4 da rúa Pedro Fernández da Coruña por un importe de licitación de trescentos dez mil sesenta e nove euros con trinta e un céntimos (310.069,31 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante un acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do material funxible para as intervencións realizadas cun sistema de cirurxía guiada por robot Da Vinci con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de corenta e tres millóns oitocentos dous mil corenta e oito euros con vinte e dous céntimos (43.802.048,22€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a Dixitalización Integral da Xestión de Residuos en Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe relativo á oferta formativa nas ensinanzas de formación profesional para o curso 2025-2026 en centros sustentados con fondos públicos: Plan Conecta FP Galicia/FPGal360.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe do balance do 1º ano da implementación de procedementos proactivos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o estado de tramitación do proxecto de decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom) na comunidade autónoma de Galicia e o seu rexistro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a evolución da relación dixital con usuarios do Servizo Público de Saúde de Galicia.
- Informe sobre a dotación de novo equipamento para o hospital Novo Montecelo de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se convoca a primeira edición do 2025 do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos Bonos Activa Comercio.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a tramitación e adxudicación das axudas directas pola enfermidade hemorráxica epizootica en Galicia.
- Informe sobre as axudas 2025 para recrear razas autóctonas de rumiantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL A EXECUTAR POLAS ONGD

O Consello da Xunta dá luz verde a esta convocatoria que financia actividades relacionadas coa sensibilización, concienciación, formación e investigación sobre o desenvolvemento, así como a incidencia e a mobilización social para crear redes de solidariedade na comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (ONGD), por importe de 720.000 euros ata 2026. A subvención, que medra un 20 % con respecto ás últimas convocatorias, terá unha dotación distribuída entre os 288.000 euros deste exercicio e os 432.000 euros restantes previstos para o próximo ano.

Poderanse financiar actividades que forman parte da educación para o desenvolvemento desde catro perspectivas: a sensibilización e a concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; a formación sobre o desenvolvemento e a súa difusión nos ámbitos educativos; a investigación neste ámbito; así como a incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONGD e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, isto é, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

O importe máximo para proxectos individuais executados en 2025 é de 26.000 euros e de 37.000 euros se se trata de iniciativas plurianuais. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación a contía da axuda poderá acadar os 47.000 euros se son programas plurianuais e de 36.000 euros se son anuais.

A Xunta destaca a importancia da educación para o desenvolvemento, ao tratarse dun valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar dende a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUE A AMPLIAR A REDE DE CASAS DO MAIOR NO RURAL COA CREACIÓN DE 20 NOVAS

- Aprobada a orde de axudas para as anualidades 2025–2026 cun investimento superior ao millón de euros
- Con esta nova convocatoria poderase chegar ata as 162 casas do maior en funcionamento, que suman máis de 800 prazas gratuítas para a atención ás persoas maiores

O Consello da Xunta de hoxe autorizou unha nova orde de axudas para a posta en marcha de 20 novas casas do maior, recursos dirixidos ao coidado de persoas maiores que viven en concellos pouco poboados e do rural. O orzamento global desta liña de achegas é de 1.067.860 euros para este ano e o seguinte e suporán a creación de 100 prazas de atención diúrna totalmente gratuítas, cinco por casa.

Esta é a sexta convocatoria para a creación de casas do maior que aproba o Executivo autonómico. Desde que no ano 2018 se aprobou a primeira o número de equipamentos deste tipo non parou de medrar e hoxe Galicia conta con 142 equipamentos deste tipo. Polo tanto, esta orde de subvencións podería ampliar esta rede de coidados de proximidade ata as 162 unidades e as 810 prazas de balde.

Como xa acontecía na orde do ano pasado, esta mantén unha axuda adicional de 150 euros semanais nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa encargada da casa do maior durante o período que dure a dita baixa ou permiso.

Así mesmo, lembrar que, a través desta orde, a Xunta concede por casa do maior ata un máximo de 15.000 euros para obras de acondicionamento e 24.800 euros ao ano como axuda para o seu funcionamento. Adicionalmente, aboaranse 10 euros por persoa e día a aquelas promotoras que asuman o desprazamento dos usuarios.

Unha vez que a convocatoria xa ten o visto e praxe do Consello, nos vindeiros días publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e, ao día seguinte, ábrese o prazo dun mes para a presentación de solicitudes.

Coidados individualizados en horario flexible

As casas do maior son recursos de proximidade que garanten aos maiores do rural ter acceso a unha atención individualizada sen saír da súa contorna e 100 % gratuíta. Esta atención comprende a manutención, a hixiene e o desenvolvemento de actividades de lecer e cognitivas. Ademais, prestarase nun máximo de oito horas diarias de luns a venres en horario flexible e durante todo o ano, agás os días festivos e o mes de vacacións no que o equipamento permanecerá pechado por vacacións.

A Xunta aposta por continuar estendendo as casas do maior por todo o territorio galego porque melloran a calidade de vida das persoas maiores, facilitan a conciliación das familias, axudan a fixar poboación no rural e a dinamizar a economía dos concellos nos que se asentan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 8% O SEU CONVENIO DE COLABORACIÓN CON FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA

Destina máis de 265.000 euros a financiar os programas e servizos desta federación, que está centrada na atención a persoas con discapacidade intelectual

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Fademga Plena Inclusión Galicia por un importe de 265.480 euros, o que supón unha subida do 8 % respecto do ano pasado. A previsión é beneficiar arredor de 5.000 persoas que son usuarias dos servizos desta federación, especializada na atención a persoas con discapacidade intelectual.

O obxectivo deste acordo é contribuír a que as persoas que participan nos programas e actividades de Fademga gañen en autonomía e, deste xeito, mellorar a súa calidade de vida. Tamén se persegue axudar as familias a que contan coa información, orientación e apoios que necesitan.

A Xunta enmarca este convenio no traballo conxunto que desde hai anos desenvolve coas entidades sociais no ámbito da discapacidade. Unha coordinación que se pon de manifesto na blindaxe de máis de 5.000 prazas públicas de atención diúrna e residencial por medio dos concertos sociais ou a través de convenios como este con Fademga.

Este ano, o Goberno galego xa leva tramitados once convenios de colaboración coas grandes federacións de atención á discapacidade por un importe global de 5,4 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PIDE AO CONSELLO CONSULTIVO QUE SE PRONUNCIE SOBRE A CONSTITUCIONALIDADE DO REAL DECRETO LEI QUE IMPÓN OS TRASLADOS DE MENORES MIGRANTES ÁS CC.AA.

O Executivo autonómico considera que a decisión do Goberno central invade competencias e que non garante os fondos suficientes para o acollemento destes nenos e adolescentes

O Consello da Xunta autorizou solicitar ao Consello Consultivo de Galicia (CCG) un ditame sobre a interposición dun recurso de inconstitucionalidade en relación á repartición de menores migrantes non acompañados que o Goberno central impón ás comunidades autónomas.

O Executivo autonómico considera que o Real decreto lei 2/2025, do 18 de marzo, que regula o traslado destes menores pode resultar inconstitucional ao invadir o ámbito de competencias de Galicia en materia de asistencia social e protección de menores. Ao respecto, sinalase que esta regulación faculta na práctica o Goberno central para poder decidir unilateralmente sobre esta cuestión sen ter en conta que son as comunidades as que se encargan do seu acollemento, protección e tutela.

Así mesmo, a Xunta indica que o uso da figura do Real decreto non é apropiada nesta ocasión e que supera os límites fixados no artigo 81 da Constitución, xa que non está xustificada unha situación de urxente necesidade.

Por último, a Xunta entende que a fórmula fixada para compensar os gastos que supón a recepción destes menores é ambigua e pode deixar a Galicia fóra do sistema de financiamento dos custos de acollemento. O Goberno galego advirte de que este modelo obriga a Galicia a empregar os seus propios fondos para prestar un servizo que é imposto polo Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA MELLORA A COMPETITIVIDADE DOS PARQUES EMPRESARIAIS CUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A MODERNIZACIÓN DE EQUIPOS E SISTEMAS DE SEGURIDADE

- O Goberno galego impulsa o primeiro programa específico de apoios destinado a optimizar os equipamentos e sistemas de protección, a elaboración de plans de emerxencia, así como para a obtención das certificacións necesarias para adaptarse á normativa vixente
- O programa de axudas, dotado cun millón de euros, está dirixido ás asociacións de empresarios, ás entidades de conservación e ás comunidades de propietarios das áreas empresariais da Comunidade galega

A Xunta, a través da Consellería de Economía e Industria, destinará máis dun millón de euros (1.027.907,53 €) a incrementar a competitividade dos parques empresariais galegos, co obxectivo de modernizar os equipamentos e sistemas de seguridade e facilitar a obtención das certificacións, selos ou marcas de calidade necesarias para cumprir coa normativa vixente. É a primeira vez que o Goberno galego activa unha liña de apoios destinada exclusivamente a implantar solucións que permitan minimizar os riscos nestas infraestruturas e mellorar os servizos que ofrecen ás empresas alí implantadas.

O novo programa de apoios está dirixido ás asociacións de empresarios, ás entidades de conservación e ás comunidades de propietarios de áreas empresariais galegas que poderán solicitar estas axudas nas próximas semanas, unha vez publicadas as bases da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A axuda máxima por solicitude será de 120.000 (ata o 80 % do orzamento do proxecto) e valóranse anticipos de ata o 25 % do importe da subvención concedida. Así mesmo, e co fin de dinamizar o rural galego, aquelas solicitudes que teñan por obxecto áreas empresarias localizadas en municipios de menos de 10.000 habitantes contarán cunha puntuación adicional.

O acordo do Consello da Xunta permitirá autorizar diferentes liñas de actuación: para instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios, así como aqueles que permitan reducir o risco de accidentes e inundacións na área empresarial; sinalización horizontal e vertical destinada á mellora da seguridade nas áreas comúns; para a elaboración de plans de emerxencia, así como para a adquisición de equipos de seguridade e vixilancia e sistemas contra o roubo de cable.

A nova orde tamén recolle o apoio de actividades formativas e informativas dirixidas á mellora da seguridade da área empresarial; gastos de consultoría ou asesoramento e outros equipos de uso común que melloren o desenvolvemento da actividade industrial, agás as instalacións industriais.

E co fin de adecuarse á normativa vixente e facilitar que estas infraestruturas poidan mellorar os estándares de calidade en áreas como a accesibilidade, a seguridade ou a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión enerxética, o programa prevé apoiar a adquisición de certificacións, selos ou marcas de calidade que acrediten unha axeitada xestión ou un valor engadido para a área empresarial.

Por último, cómpre subliñar que se admitirá como máximo unha petición por solicitante, aínda que esta teña como obxecto unha ou varias das liñas de actuación incluídas na nova orde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DE FIRME DA AUTOVÍA DO BARBANZA POR UN INVESTIMENTO QUE ROLDARÁ OS 12 M€

- Trátase de intervir nos algo máis de 40 quilómetros da AG-11, incluíranse nas actuacións que se van acometer a renovación do pavimento existente en tronco e enlaces, con actuacións puntuais de reparación e renovación da capa de rodaxe
- Tamén se prevén actuacións complementarias a maiores, que redundan na mellora da seguridade viaria na autovía
- Con esta actuación, a licitación en obras de reforzo de firme na rede autonómica de estradas da Xunta licitadas este 2025 acadará a cifra récord de 43,6 M€

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación da contratación das obras de reforzo de firme na autovía do Barbanza (AG-11).

Este contrato, cuxa licitación autorizou o Goberno galego na súa reunión semanal, está dirixido ao mantemento e á conservación desta vía autonómica libre de peaxe, co fin de compensar o natural desgaste do pavimento co paso dos anos, ademais de mellorar as características do firme, o que redunda na mellora da seguridade viaria.

O investimento total desta nova actuación ascenderá ata os 11.959.750 euros.

Trátase de intervir nos algo máis de 40 quilómetros da AG-11, e incluíranse nas actuacións que se van acometer a renovación do firme existente en tronco e enlaces, con actuacións puntuais de reparación e renovación da capa de rodaxe.

Neste contrato incluírase tamén a revisión do estado da sinalización horizontal e substitución desta en caso de ser necesario; a instalación dos elementos necesarios de balizamento en todo o tramo; así como a renovación das xuntas de dilatación das estruturas do tronco presentes no tramo.

Tamén se prevén dúas actuacións complementarias a maiores, que redundan na mellora da seguridade viaria na autovía do Barbanza.

En concreto, nos últimos 500 metros da vía AG-11, que é de calzada única, acometerase unha actuación de mellora da seguridade consistente na disposición de balizas no eixo, de modo que se reforce a separación de sentidos de circulación.

Ademais, realizarase unha actuación de mellora da seguridade en distintos puntos das marxes da AG-11, coa substitución das gabias triangulares existentes por unha gabia de seguridade, de modo que haxa un espazo anexo á calzada na que un vehículo poida apartar en caso de que sufra algunha incidencia.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar o contrato ao longo deste mes de xuño, co obxectivo de poder iniciar a obra no outono, coas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reparacións de firme que se prevén no proxecto. En función da meteoroloxía, poderase executar a capa de rodadura dunha calzada antes de final de ano, ou haberá que agardar para a primavera.

Con esta actuación, a licitación en obras de reforzo de firme na rede autonómica de grazas ao orzamento autonómico de 2025 ascende aos 43,6 M€, cifra récord acadada pola Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 184 M€ ÁS TAREFAS DE CONSERVACIÓN ORDINARIA E A VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA AUTONÓMICA NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos contratos cos que se realizarán as tarefas de conservación e vialidade invernall nos 5.500 quilómetros de estradas da súa titularidade, para as que se destinan 175,3M€
- Ademais, a Administración autonómica investirá 8,3M€ no contrato de actuacións de conservación en obras de paso e estruturas
- O investimento supón un 31,3 % con respecto ao anterior contrato e un investimento medio por quilómetro de estrada de 32.105€
- No que atinxe á conservación ordinaria, as tarefas que hai que desenvolver comprenden principalmente operacións de limpeza e roza, pequenas actuacións de reparacións de firme, mantemento da sinalización ou pequenas reparacións de obras de fábrica
- As actuacións de vialidade inclúen a vixilancia permanente da rede, e entre elas, a vialidade invernall para manter as estradas situadas en zonas propensas a nevadas en boas condicións
- A Xunta mobilizará con estes contratos un persoal formado por 276 traballadores, así como 118 medios de transporte e 122 vehículos de maquinaria de conservación ordinaria

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo contrato para as tarefas de conservación e vialidade invernall na rede viaria autonómica para os vindeiros catro anos, cun investimento de 184 millóns de euros. O investimento supón un 31,3 % con respecto ao anterior contrato e un investimento medio por quilómetro de estrada de 32.105€.

Aínda que o prazo dos vixentes contratos de conservación integral e vialidade remata no outono deste 2025, e contan coa posibilidade de prórroga por un ano máis, a Xunta decidiu abordar os novos contratos, debido ao tempo transcorrido dende a anterior licitación.

A rede viaria autonómica conta cunha lonxitude total de 5.516 km, sen incluír as vías obxecto de concesión, AG-55 e AG-57, cuxa conservación é por conta das empresas concesionarias. Ademais, no novo contrato tamén se incluírán as autovías de peaxe en sombra que foron rescatadas a finais do ano 2024: AG-11 (Barbanza); AG-31 (Celanova); AG-41 (Salnés) e AG-56 (Santiago – Brión).

En concreto, no que atinxe á conservación ordinaria, as tarefas que se van desenvolver comprenden principalmente operacións de limpeza e roza, pequenas actuacións de reparacións de firme, mantemento da sinalización horizontal, vertical e o balizamento, pequenas reparacións de obras de fábrica, entre outras.

Por outra banda, as actuacións de vialidade inclúen a vixilancia permanente da rede, para ter un bo coñecemento do seu estado e funcionamento; a atención a accidentes e de incidencias que afectan a circulación (como a retirada de obstáculos da calzada, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sinalización de situacións ocasionais de perigo ou a información aos usuarios), e a reparación urxente dos danos que se puidesen causar como consecuencia destes. Para levar a cabo estas tarefas dispónse de persoal con dispoñibilidade as 24 horas ao día.

Ademais, inclúense tamén as actuacións de vialidade invernal, que teñen por obxecto manter as estradas situadas en zonas propensas a xeadas ou nevadas en boas condicións nesta época, reducindo ao mínimo os períodos nos que se teñan que establecer restricións ou cortes de tráfico. Para iso, realizaranse tarefas preventivas, destinadas a evitar no posible a formación e neve ou xeo, e procederase á súa retirada cando non se poida evitar.

A través destes contratos, a Xunta mobilizará un persoal formado por 276 traballadores, así como 118 medios de transporte e 122 vehículos de maquinaria de conservación ordinaria para realizar as mencionadas tarefas.

Prevense para executar estas tarefas de vialidade invernal a disposición de 26.484 toneladas de fundentes e 18 unidades de preparación de salmoira.

Conservación de obras de paso

Dentro do citado investimento de 184M€, a Xunta destinará 8,3M€ á execución de actuacións conservación de estruturas e obras de paso das estradas autonómicas nos vindeiros 4 anos, e tamén cun ano adicional de posible prórroga. Supón unha novidade con respecto aos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal levados a cabo anteriormente.

En concreto, executaranse actuacións derivadas das inspeccións, dun modo áxil e inmediato, o que contribuirá a sistematizar a conservación preventiva das obras de paso e a aumentar a súa vida útil.

Os traballos consisten, entre outros, na substitución ou recolocación de aparellos de apoio, de barreiras e impostas ou de xuntas de dilatación. Tamén se procede ás reparacións dos sistemas de drenaxes, á limpeza de paramentos ou ao saneamento e selaxe de fisuras e gretas.

En total, o Consello da Xunta autoriza a licitación de 8 contratos, dos que 7 son para conservación ordinaria e vialidade invernal (175,3M€), e o restante para as actuacións de conservación en obras de paso e estruturas (8,3).

Este investimento supón 43,60 M€ ao ano para os 7 contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal, e 2,08 M€ tamén ao ano para conservación de estruturas e obras de paso.

Aposta pola conservación e a seguridade viaria

Os novos contratos enmárcanse na aposta do Goberno galego por manter o estado das estradas autonómicas nas debidas condicións de vialidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, neste 2025, destínanse nos orzamentos máis de 68 millóns de euros a esta materia, que constitúen o investimento máis algo en materia de conservación e mantemento da rede viaria de titularidade da Xunta en toda a historia.

Ademais de incrementarse as contías para a conservación ordinaria e a vialidade invernál, tamén se aumentaron os recursos para outras liñas de actuación, como o Plan de reforzos de firme, que van gañando cada vez máis relevancia. De feito, esta medida de conservación extraordinaria conta en 2025 con case 28 M€.

Nos últimos sete anos a Xunta leva licitado obras en materia de reforzos de firme por máis de 140 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUIR 30 NOVAS VIVENDAS PROTEXIDAS NA RÚA PEDRO FERNÁNDEZ, NA CORUÑA

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará por 310.000 euros este novo contrato para a redacción de proxecto e dirección de obra destas novas vivendas, que se construírán noutra das parcelas cedidas polo Concello
- Este contrato sumarase aos tamén autorizados o pasado mes de maio para impulsar outras 58 vivendas protexidas na zona dos Rosais e 11 máis na rúa Rei Abdullah
- O Goberno galego segue intensificando o impulso no incremento do parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á contratación da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 30 vivendas de promoción pública en solo cedido polo concello da Coruña, na rúa Pedro Fernández.

En concreto, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato para impulsar 30 novas vivendas protexidas, garaxes e rochos nas parcelas denominada R3 e R4 da dita rúa Pedro Fernández, que teñen unha superficie de 1.328 m² e 290 m², respectivamente.

Este contrato sumarase aos tamén autorizados polo Executivo autonómico este pasado mes de maio, para construír 58 vivendas protexidas, garaxes e rochos noutra das parcelas cedidas polo Concello na zona dos Rosais, e outras 11 máis na rúa Rei Abdullah.

O obxectivo de Vipugal é licitar os tres contratos nestas vindeiras semanas e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

A Xunta segue intensificando o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 23,8 M€ NA ADQUISICIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE PARA AS INTERVENCIÓNS REALIZADAS POLOS ROBOTS DA VINCI

- O acordo marco para esta compra, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, terá unha duración inicial de dous anos
- A compra incorpora un aforro de 1,2 millóns de euros para os dous anos de vixencia do contrato
- O total de intervencións cirúrxicas robotizadas nos hospitais do Servizo Galego de Saúde no ano 2024 foi de 3.664

O Consello da Xunta autorizou a contratación, mediante acordo marco e por un importe de 23,8 millóns de euros para un período de dous anos, da subministración sucesiva do material funxible para as intervencións realizadas co sistema de cirurxía guiada por robot Da Vinci con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O acordo marco terá unha duración de dous anos e poderá ser obxecto de prórroga por outros dous máis, e acadará, neste caso, un valor estimado de 43,8 millóns de euros.

A compra incorpora un aforro de 1,2 millóns de euros para os dous anos de vixencia do contrato.

O material funxible, que se mercará a través deste acordo marco, engloba os instrumentos, accesorios e consumibles necesarios para os robots, tales como aplicadores de clips, cables de cauterización, cánulas grampadoras, instrumento selador de vasos, obturadores ópticos, pinzas de punta longa, porta agullas, tesoiras monopolaes e de punta redonda, etc.

A estimación do consumo de unidades de material funxible que se vai mercar para 2026 é de 47.530, e o consumo de unidades de 2023 é de 43.797 e as do ano 2024 de 46.271.

Trátase da segunda contratación centralizada deste tipo de material necesario para as intervencións levadas con sistema de cirurxía robótica guiada polo robot Da Vinci.

A cirurxía robótica enténdese como o nivel máis avanzado de cirurxía minimamente invasiva e como a evolución natural daqueles equipos cirúrxicos con ampla experiencia en cirurxía laparoscópica, baseándose en dous conceptos que son a realidade virtual e cibernética.

A adquisición, no ano 2021 por parte do Servizo Galego de Saúde, de sete robots Da Vinci destinados a cada un dos hospitais de referencia das sete áreas sanitarias supuxo un fito importante, ao dotar aos centros da última tecnoloxía en robots cirúrxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No ano 2024 as intervencións cirúrxicas robotizadas realizadas polo Servizo Galego de Saúde foi de 3.664, das que 296 foron en pacientes menores de 44 anos; 1.443 en pacientes de entre 45 e 64 anos; 1.257 de entre 65 e 74; 661 de entre 75 a 90; e 7 operacións foron realizadas a pacientes de máis de 90 anos.

Tendo en conta que, no ano 2023 as operacións por cirurxía robotizada foran 2.968, o incremento destas intervencións robotizadas foi de case o 20 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CON PRETO DE 1 M€ A DIXITALIZACIÓN INTEGRAL DA XESTIÓN DOS RESIDUOS EN GALICIA PARA COMPLETAR O SEGUIMENTO DESDE A ORIXE ATA O DESTINO

- O Consello toma razón dun informe sobre a nova versión da plataforma ambiental GaIA na que traballa a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático co reto de convertela nun instrumento estratéxico para a implantación da economía circular
- Entre as actuacións máis novidasas, crearase un almacén específico de datos sobre residuos municipais e industriais que permitirá coñecer a rastrexabilidade completa dos fluxos existentes e obter, de forma áxil e accesible, información de calidade sobre os volumes de produción e de xestión na comunidade e nos tratamentos que reciben
- Tamén se desenvolverá un novo sistema de información xeográfica para visualizar e analizar con mapas a localización dos distintos residuos en cada etapa do proceso
- O proxecto beneficiará as administracións públicas, ao reducir a carga administrativa, aumentar a calidade dos datos e mellorar o control, a planificación e a toma de decisións, e tamén a produtores e xestores, ao facilitar o cumprimento da lei e garantir máis transparencia, menos burocracia e unha tramitación 100 % dixital
- Galicia busca consolidarse como referente en innovación ambiental e tecnolóxica coa ferramenta dixital de xestión de residuos máis completa e moderna do país, que se integrará tamén cos sistemas estatais para garantir que poidan operar entre si

A Xunta desenvolverá nos vindeiros meses un proxecto para impulsar a dixitalización integral da xestión dos residuos de orixe doméstica e industrial en Galicia, unha ferramenta que garantirá a rastrexabilidade e o seguimento completos dos distintos fluxos de refugallo, desde a súa orixe ata o seu destino final.

Cun orzamento de preto de 1 millón de euros —concretamente, 833.155,48 euros, dos que 658.192 euros se financian a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) da UE e o resto, con fondos propios—, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) traballan nunha nova versión da actual plataforma GaIA, o portal no que cidadáns, empresas e administracións poden acceder á información ambiental de Galicia e que conta cun módulo específico de residuos.

Así se recolle nun informe analizado esta mañá polo Consello da Xunta, e segundo o cal grazas ás melloras previstas, GaIA se converterá nunha ferramenta clave para acadar os grandes obxectivos marcados a nivel comunitario en materia de xestión de residuos, tanto no ámbito municipal como no industrial.

Entre as actuacións máis novidasas, cómpre destacar a creación dun almacén específico de datos sobre residuos municipais e industriais (*datamart*) que permitirá coñecer a rastrexabilidade completa dos diferentes fluxos existentes e obter de forma áxil, rápida

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e detallada información de calidade sobre os volumes de produción e xestión do lixo en Galicia e os tratamentos que recibe.

A idea é que, coa aplicación da tecnoloxía, se teña acceso de forma telemática, automática e nalgúns casos en tempo real, a datos e indicadores clave, como, por exemplo, volumes de residuos xestionados, tipoloxías, frecuencia dos traslados, posibles incidencias ou cumprimento da normativa.

Así mesmo, outra das principais melloras previstas consistirá na incorporación dun sistema de información xeográfica (SIX), que permitirá visualizar, mediante o uso de mapas, a distribución e localización no territorio dos distintos fluxos de residuos, información moi útil para detectar posibles problemas de xestión, seguir as rutas dos camións ou aplicar medidas inmediatas. Esta ferramenta tamén contribuirá a mellorar o control sobre o percorrido completo que fan os refugалlos na Comunidade en cada unha das súas etapas (recollida, traslado e tratamento).

Por outra banda, implantarase un novo sistema tramitador de expedientes, que permitirá xestionar procedementos de forma integrada, eliminar revisións manuais e automatizar as autorizacións, mellorando así os tempos de resposta e a transparencia, o cal redundará, tamén, en seguridade xurídica tanto para a Administración como para os usuarios externos. Pasarase, deste xeito, dunha tramitación tradicional e apoiada en papelame e procesos manuais a un modelo plenamente dixital e integrado.

Por último, a evolución da plataforma GaA permitirá integrar completamente o módulo específico eResiduos cos sistemas estatais xa existentes neste eido, garantindo así a súa plena interoperabilidade e unha maior eficiencia no control, por exemplo, dos traslados dos residuos que afectan a Comunidade.

Posta en marcha plena en maio de 2026

A dixitalización integral da xestión dos residuos en Galicia enmárcase nun contexto europeo e autonómico que aposta pola economía circular como modelo de desenvolvemento sustentable e por un uso máis eficiente dos recursos, minimizando a xeración de refugалlos e promovendo en todo caso a súa reutilización e reciclaxe.

A previsión é que o proxecto se prolongue durante un ano, polo que a nova versión da plataforma estaría plenamente operativa a finais de maio de 2026, permitindo a implementación progresiva das novas funcionalidades, a súa integración cos sistemas estatais e a activación dos novos módulos e ferramentas de análise avanzada de datos.

Unha vez completada, a evolución da plataforma GaA suporá unha mellora substancial na eficiencia, axilidade e transparencia da xestión dos residuos en Galicia, facilitando o cumprimento normativo das empresas e reducindo a carga administrativa e a burocracia.

Ao tempo, reforzará a rastrexabilidade e a calidade dos datos ambientais dispoñibles, contribuíndo así a unha mellor planificación e control por parte das administracións responsables da toma de decisións estratéxicas neste eido, como poden ser o deseño de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novas infraestruturas ou a mellora do seguimento da xestión dos distintos fluxos. Manexar esta información de forma áxil e integral permitirá tamén reducir custos e tempo, así como detectar problemas e propoñer posibles solucións con máis rapidez.

Neste sentido, Galicia quere consolidarse como referente en materia de innovación ambiental e tecnolóxica. De feito, é a primeira comunidade española en apostar pola dixitalización integral da xestión dos distintos fluxos de residuos e grazas a este proxecto, aspira a ter a ferramenta dixital máis completa e moderna de todo o país, adaptada ás necesidades e ás exixencias normativas actuais neste eido.

A modo de exemplo sobre as vantaxes do novo sistema, cómpre sinalar que, grazas á evolución de GaIA eResiduos os xestores de refugallos industriais (é dicir, empresas autorizadas para a súa recollida e transporte ata a planta que corresponda), poderán comprobar por primeira vez ao instante os puntos exactos de cada recollida, a ruta óptima para levalos sen atrasos e a confirmación da súa chegada a destino.

Desde o punto de vista dos produtores (aqueles que xeran residuos no marco da súa actividade económica ou industrial) tamén haberá un aforro de tempo e trámites substancial e un maior control sobre o volume de refugallos que producen e o tratamento que reciben. Por exemplo, no caso dun restaurante, xa non terá que completar formularios manualmente, envialos por correo e esperar confirmación para a recollida dos seus biorresiduos, xa que co novo sistema poderá introducir os datos na plataforma e esta xerará a autorización de forma inmediata para programar o traslado.

Aposta pola economía circular e as políticas climáticas

O proxecto para facer de GaIA un instrumento estratéxico co que avanzar cara a unha xestión ambiental máis eficiente, dixital e sustentable, especialmente no ámbito dos residuos, está aliñado coas Estratexias de Economía Circular e de Cambio Climático da Xunta, que sentan as bases para unha transición ecolóxica sustentada e coordinada.

Neste marco, o Goberno galego desenvolveu dous plans sectoriais fundamentais: o Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2030 (PXRMG), que establece as directrices para a correcta xestión do lixo xerado polos concellos e prevé a dixitalización como un eixo transversal, co obxectivo de mellorar a eficiencia, a trazabilidade e a transparencia destes fluxos; e o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2030 (Priga), centrado na modernización da xestión dos residuos de orixe industrial e que recoñece a plataforma GaIA como a infraestrutura tecnolóxica central para manexar a información ambiental, que promove a interoperabilidade, a calidade dos datos e a súa reutilización.

Esta aposta pola transformación dixital no eido dos residuos reforza tamén a protección ambiental e a loita contra o cambio climático, ao tempo que impulsa a economía circular e promove a innovación tecnolóxica no sector ambiental, beneficiando tanto a cidadanía como o tecido empresarial galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A FP CON 2.450 PRAZAS MÁIS E A IMPLANTACIÓN DE FORMACIÓNS ACELERADAS, UNHA VÍA RÁPIDA DE CUALIFICACIÓN EXCLUSIVA DE GALICIA

- Rueda salienta que o vindeiro curso ofertaranse 49.164 prazas de novo ingreso, unha cifra récord, distribuídas en 251 titulacións diferentes
- Destaca a “revolución silenciosa” experimentada por estas ensinanzas e “o altísimo grao de inserción laboral” que chega case ao 100% no caso da FP Dual
- Amplíase o catálogo con 40 titulacións de nova implantación: catro ciclos, seis másteres, 12 títulos de alta especialización e 18 formacións aceleradas
- As formacións aceleradas consisten nunha modalidade de formación concentrada entre catro e seis meses que abre as portas ao emprego
- Esta novidosa modalidade, pioneira de Galicia, está enfocada aos sectores onde existe unha alta demanda de man de obra especializada
- Tamén se reforzan as prazas de másteres de FP, que medran un 32 %, e os títulos de alta especialización propios da Comunidade, cun 24 % de crecemento
- Créase a FP Básica Adaptada con itinerarios personalizados para a cualificación e inserción persoal e laboral de colectivos vulnerables
- Impúlsase a FP Básica para adultos, con ciclos que favorezan a capacitación profesional e a reinserción de persoas que abandonaron o sistema

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno galego consolidará o vindeiro curso 2025-2026 o continuo crecemento da Formación Profesional experimentado nos últimos anos cunha nova ampliación da oferta de prazas. “Galicia contará con 49.164 prazas para novos matriculados, 2.450 máis que no curso anterior e a oferta máis ampla da historia” da comunidade, indicou.

Ademais, resaltou que se seguen dando pasos novidosos desde o punto de vista cualitativo con medidas pioneiras e exclusivas de Galicia como “as novas formacións aceleradas”, tal e como se reflicte no informe elevado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ao Consello da Xunta celebrado hoxe.

Unhas medidas que enmarcou na “revolución silenciosa” que a FP galega está experimentar nos últimos anos, unhas ensinanzas cun “altísimo grado de inserción laboral, preto do 85% e de case o 100% no caso da FP Dual”.

Así pois, Galicia contará o próximo curso cunha oferta de 49.164 prazas de novo ingreso, o que representa 2.450 prazas máis que o curso que agora remata (un 5 % máis) e unha cifra récord no conxunto de 251 ofertas diferentes (40 deles de nova implantación), entre os 159 ciclos (catro novos) de grao básico, medio e superior, 28 másteres (seis novos), 31 títulos de alta especialización (12 novos), 18 formacións aceleradas (todas elas novas) e 15 programas formativos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	Grao básico	Grao medio	Grao superior	TOTAL
Ciclos	26	53	80	159 (+6) *4 de nova implantación
Máster		6	22	28 (+6) *6 de nova implantación
Formación de alta especialización		13	18	31 (+7) *12 de nova implantación
Formación acelerada	4	9	5	18 (+18) *18 de nova implantación
Programas formativos	15			15 (=)
TOTAL	45	80	125	251 (+37) *40 de nova implantación

Vía rápida de formación concentrada

Como novidade de cara ao vindeiro curso, a Consellería de Educación vai establecer as denominadas formacións aceleradas como unha nova vía formativa que dará máis oportunidades ás persoas para mellorar a súa cualificación e abrirse portas ao mercado laboral en sectores clave nos que existe unha alta demanda especializada.

En concreto, tal e como explicou o presidente, as persoas que opten a esta novidosa modalidade recibirán unha formación concentrada nun período “de entre catro e seis meses de duración”, que poderá realizala en dúas fases do curso: de setembro a xaneiro ou de xaneiro a xuño. A través destas formacións recibirán unha certificación profesional e, ademais, poderán convalidala para a obtención dun futuro título formativo.

Ofertaranse un total de 18 formacións aceleradas con 968 prazas en 44 grupos de formación distribuídos por distintos puntos da xeografía galega: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontedeume, Pontevedra, Ribadeo, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilamarín. Céntrase especialmente en sectores como a hostalaría, a automoción, as enerxías renovables ou a carpintaría metálica, entre outros.

Neste sentido, esta novidade formativa, única e exclusiva de Galicia, representa unha dobre vantaxe, xa que lle proporcionará ás persoas unha formación rápida para o acceso ao mercado laboral e as empresas disporán de man de obra cualificada dun xeito áxil, sobre todo naqueles sectores onde hai máis demanda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FP Básica Adaptada para os colectivos vulnerables

A través do Plan FPGal360, configurado como un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe a cidadanía na toma de decisións educativas desde idades temperás e ao longo da vida, este próximo curso vanse poñer en marcha unha serie de iniciativas novidasas no que atinxe á FP Básica, sobre todo enfocadas a maximizar o éxito do alumnado, á inclusión e á cualificación dos colectivos máis vulnerables e a loita contra o abandono temperán.

Unha das novas accións é a FP Básica Adaptada, como unha das vías para asegurar a permanencia do alumnado no sistema máis aló do ensino obrigatorio, especificamente no caso de colectivos con dificultades de escolarización. Para iso crearanse sinerxías entre departamentos ao tempo que se impulsará a colaboración con distintas entidades de educación especial e de atención á diversidade. Trátase de mellorar a cualificación destes alumnos con formación específica, cun apoio personalizado e adaptado ás necesidades de cada quen, co fin de fomentar a súa inclusión social e laboral. Esta FP Básica Adaptada arrancará como experiencia piloto nun programa formativo de Comercio no Centro de Educación e Promoción de Adultos EPAPU Berbés en Vigo.

Paralelamente hai un incremento da oferta de FP Básica, garantindo as posibilidades de incorporación do alumnado a un itinerario formativo en niveis superiores, o que contribuirá á súa mellor formación e á redución do abandono educativo. A terceira liña de acción neste eido é a FP Básica para adultos, con ciclos que favorezan a capacitación profesional e a reinserción de persoas que abandonaron o sistema.

Creceamento no rural

O creceamento da FP galega é xeneralizado a nivel territorial e nos distintos sectores e familias profesionais grazas á potenciación da modalidade de FP Dual Intensiva, aos másteres de FP, aos itinerarios de alta especialización exclusivos de Galicia e ás formacións aceleradas tamén pioneiras.

Así mesmo, continúaase cunha aposta firme polo rural galego, que, un curso máis, incrementa a súa oferta adaptada, con 8.210 prazas novas, preto dun 8 % máis. Isto consolida a FP galega como un instrumento que contribúe a fixar poboación grazas á relación de diálogo, confianza e traballo entre a administración educativa e as empresas do rural.

Trátase, por tanto, dunha oferta ampla, variada e de calidade, coa que se busca dar cobertura ao conxunto do territorio, atender as demandas sociais e as necesidades dos sectores produtivos do país. Cómpre ter en conta que, coma todos os anos, esta oferta é o resultado dun traballo de campo tras escoitar os axentes educativos e os distintos actores socio-económicos e institucionais, a través de reunións, encontros e foros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DATOS DESTACADOS	Prazas curso 2025/26	Incremento de prazas con respecto ao curso 2024/25	Porcentaxe de crecemento
Prazas totais no sistema de FP	49.164	+2.450	+5,24%
FP Dual Intensiva	6.346	+193	+2,77%
Másteres	2.192	+534	+32,21%
Formación alta especialización	775	+152	+24,4%
Prazas no rural	8.210	+579	+7,59%

Catálogo de titulacións

Dentro do catálogo de 251 titulacións, hai dez que se implantan por primeira vez en Galicia, tres delas en ciclos formativos e outras seis de máster:

Centro/s	Titulación
IES Universidade Laboral (Ourense)	Ciclo de Grao Medio de Mantemento de material rodante ferroviario
CIFP A Granxa (Ponteareas)	Ciclo de Grao Medio de Sanidade ambiental aplicada
CIFP Politécnico (Santiago de Compostela)	Ciclo de Grao Medio Planta química
IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	Ciclo de Grao Superior de Deseño e produción de calzado e complementos
Centro/s	Másteres
CIFP A Granxa (Ponteareas) CFEA de Guísamo (Bergondo)	Floraría e arte floral
CIFP Carlos Oroza (Pontevedra)	Coordinación do persoal en reunións profesionais, congreso, feiras, exposicións e eventos
CIFP As Mercedes (Lugo)	Comercio electrónico
CIFP Rodolfo Ucha (Ferrol) IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa) IES Chan do Monte (Marín)	Desenvolvemento de aplicacións en linguaxe Python

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

IES de Teis (Vigo) IES Urbano Lugo (A Coruña) CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense) IES Muralla Romana (Lugo) IES San Clemente (Santiago de Compostela)	
CIFP Politécnico Lugo	Tecnoloxía e xestión queixeira
CIFP Politécnico de Santiago de Compostela CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo) IES Eduardo Pondal (Ponteceso) IES O Ribeiro (Ribadavia)	Inspección técnica e peritaxe de sinistros en vehículos

Másteres e alta especialización

Co obxectivo de ofrecer a máxima cualificación posible, a Xunta continúa apostando polos másteres e as titulacións de alta especialización pioneiras na nosa Comunidade. Estas últimas son títulos formados por dobres titulacións ou combinacións de ciclos, másteres e cursos de distintos títulos impulsados atendendo a unha demanda específica por parte dos sectores produtivos.

No que atinxe aos másteres, Rueda salientou que para o próximo curso “ofértanse un total de 2.192 prazas, o que representa un crecemento do 32 % respecto da oferta deste curso”, para cursar 28 titulacións de máster.

No caso das titulacións de alta especialización, o vindeiro curso vanse ofertar un total de 31 títulos de alta especialización (sete máis que o curso pasado), dos cales 12 son de nova implantación este ano. Estas formacións de alta especialización abranguen eidos económico-industriais moi variados como a carpintería e o moble, construcións metálicas, automoción, cociña, produción agroecolóxica, informática, xestión turística, obra civil ou loxística, entre outros. En total, “ofértanse 775 prazas, o que representa un aumento de máis do 24 %”.

A modalidade de FP Dual Intensiva, que afonda nunha maior formación en empresa, contará con 6.346 prazas, cun aumento de preto do 3 %.

Por outra parte, tamén se mantén a oferta de programas formativos básicos, un instrumento de especial relevancia para que o alumnado con necesidades educativas especiais poida conseguir a súa incorporación ao mercado laboral ou a súa continuidade no sistema educativo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANTICÍPASE NO OFRECEMENTO Á CIDADANÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS DE INTERESE COMO A TARXETA BENVIDA OU AS DECLARACIÓNS CENSUAIS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

- O proxecto busca mellorar o funcionamento xeral da Administración facéndoa máis próxima e anticipándose ás necesidades das persoas nos trámites que deben realizar
- A iniciativa, con máis de 118.000 potenciais usuarios no 2024, está recibindo unha excelente acollida entre os galegos e as galegas
- A medida, que se encadra dentro do Plan de simplificación administrativa 2025-2027 inclúe a posta en marcha doutros sete servizos proactivos ao longo deste ano

A Xunta de Galicia ofrece de xeito activo servizos públicos á cidadanía en temas do seu interese, como a Tarxeta Benvida ou as declaracións censuais de explotacións gandeiras. Trátase dunha iniciativa que busca mellorar o funcionamento xeral da Administración, facéndoa máis próxima e anticipándose ás necesidades das persoas nos trámites que deben levar a cabo.

Así se recolle no informe presentado esta mañá polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, na reunión do Consello no que se fai balance do primeiro ano de funcionamento da iniciativa, que está a recibir unha excelente acollida entre os galegos e as galegas.

A habilitación dos servizos públicos como proactivos aproveita o feito de que a Administración coñece determinados feitos vitais dos cidadáns e cidadás e pode adiantarse ás súas necesidades na resolución de determinados trámites. No caso da Tarxeta Benvida, por exemplo, a Xunta conta xa cos datos das mulleres embarazadas que están a seguir o seu embarazo no sistema sanitario público, polo que a partir da semana 21 (o que a axuda marca como requisito), remite un SMS da aplicación Sergas Móbil cun enlace á solicitude web dispoñible na sede electrónica. Son 14.336 as potenciais beneficiarias.

Ademais do acceso a estas tarxetas acreditativas, o documento recolle tamén os avances na simplificación da expedición e renovación da licenza de pesca fluvial (38.604 potenciais usuarios) e de caza (40.211), aos que se lles remitiu un SMS cun enlace á solicitude da web da renovación. Ás persoas maiores de 65 anos, exentos do pago de taxas e, en xeral, pouco familiarizados coas novas tecnoloxías, remitiúselles a licenza renovada en soporte papel directamente ao seu domicilio.

Outro dos procedementos que se benefician da proactividade é o das declaracións censuais anuais de explotacións gandeiras. Así, as 23.815 persoas titulares de explotacións recibiron unha mensaxe coa ligazón á Oficina virtual para cubrir un formulario sinxelo e intuitivo do censo de animais e a posterior notificación de confirmación por parte da Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Algo semellante se levou a cabo cos 1.333 titulares de explotacións vinícolas, aos que se lles enviou tamén un enlace á Oficina Virtual da consellería do Medio Rural para que puideran facer a declaración da colleita da uva, que é obrigatoria.

Medir e avaliar a iniciativa

A iniciativa contempla a medición e avaliación do seu impacto, para poder seguir mellorando. Neste caso, co obxecto de coñecer o grado de das persoas usuarias dos distintos servizos ou procedementos, realizáronse enquisas entre os titulares de explotacións gandeiras, que consideraron nun 86% que a iniciativa era boa ou moi boa, mentres que os titulares de explotacións vitícolas amosaron un 98% de satisfacción.

Plan de simplificación administrativa 2025-2027

Os procesos proactivos están incluídos dentro do Plan de simplificación administrativa 2025-2027, unha iniciativa posta en marcha para optimizar os tempos na xestión dos procedementos administrativos, eliminando cargas burocráticas para a cidadanía, mediante a supresión de trámites, requisitos para o acceso ao servizo público ou documentos que se deben presentar.

Con este fin, impulsarase o emprego xeneralizado de comunicacións previas e declaracións responsables e levarase a cabo a fusión daqueles procedementos que se solapan ou complementen. Ademais de mellorar a comprensión das normas reguladoras cunha redacción sinxela e coa elaboración de resumos explicativos para a cidadanía.

O obxectivo principal desta medida é, en definitiva, conseguir unha administración máis personalizada, áxil e próxima aos cidadáns, capaz de adiantarse ás súas necesidades ofrecendo servizos públicos do seu interese de xeito personalizado. Con esa finalidade, neste 2025 está previsto a posta en marcha doutros sete servizos proactivos: Carné Xove en formato electrónico dispoñible na aplicación móbil corporativa XuntaEu; prórroga do Bono Aluguer; prórroga do Bono Aluguer Social; renovación das prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos; Bono Emancípate; renovación da Tarxeta de Mergullo Profesional e a renovación da Tarxeta de Identidade Marítima Náutica de Lecer.

Esta previsión para o ano 2025 continuará nas anualidades seguintes, coa habilitación de cinco novos servizos no ano 2026 e outros cinco en 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A REMISIÓN AO CONSELLO CONSULTIVO DO DECRETO QUE SIMPLIFICARÁ E AXILIZARÁ A CONSTRUCIÓN DE VIVENDA A TRAVÉS DA NOVA REGULACIÓN DAS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDADE MUNICIPAL

- Destaca que esta medida se enmarca na aposta da Xunta “pola simplificación administrativa nun tema tan sensible como a vivenda”
- A futura normativa da resposta a unha demanda de promotores, profesionais e cidadanía
- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas salienta que o decreto permitirá “axilizar, simplificar e reducir os prazos” no eido da vivenda “garantindo a seguridade xurídica”
- O decreto modificará o actual réxime de actuación das ECCOM, e o seu certificado terá a mesma validez e efectos que os informes xurídicos técnicos e municipais, que se entenderán substituídos por dita certificación
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asumirá as funcións relativas á autorización e rexistro de todas as ECCOM, no marco das súas competencias en materia de urbanismo
- O proxecto de decreto polo que se regulan as ECCOM e o seu rexistro consta de 51 artigos estruturados en cinco capítulos, completando a mesma unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións finais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Executivo autonómico acordou na súa reunión semanal remitir ao Consello Consultivo “o decreto que permitirá que as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) poidan simplificar trámites urbanísticos para acceder á vivenda”.

Rueda enmarca esta medida na aposta do Goberno galego pola “simplificación administrativa e nun tema tan sensible coma a construción de vivenda”. Ademais, lembrou que o futuro decreto busca dar resposta a crecente demanda de profesionais, promotores e cidadanía e busca “mellorar a coordinación entre administracións, reducir os tempos e as incertezas”.

Nesta liña, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Alague, asegurou que o obxectivo do decreto é “axilizar, simplificar e reducir prazos” en materia de vivenda, pero “garantindo a seguridade xurídica” coa finalidade de “incrementar a oferta” de inmobles na comunidade, algo que é “unha prioridade para a Xunta”.

Con este paso, a Xunta encara a fase final da tramitación do próximo decreto polo que se regulan as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) e se crea o seu rexistro, o que permitirá simplificar e axilizar a construción de vivenda. O obxectivo é desenvolver o novo marco legal aplicable ás ECCOM mediante unha regulación única, integral e pormenorizada do réxime xurídico destas entidades e do seu rexistro, facilitando así a súa accesibilidade por toda a cidadanía e as administracións públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto constituirá unha oportunidade de mellorar, definir e avanzar nun desenvolvemento normativo completo das ECCOM.

A normativa establece que nas solicitudes de licencia urbanística acompañadas dun certificado ECCOM, esta certificación terá a mesma validez e efectos que os informes técnicos e xurídicos municipais, que se entenderán substituídos por ditas certificados. A nova regulación será de aplicación xeral.

Entre as repercusións sobre os cidadáns que a presente norma procura están as de outorgar seguridade xurídica tanto aos particulares como aos concellos nos supostos en que se actúe a través dunha ECCOM. Así mesmo, o obxectivo é tamén facilitar o coñecemento pola cidadanía das ECCOM autorizadas para exercer a súa actividade na comunidade autónoma mediante a creación do novo rexistro, que será xestionado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, competente en materia de urbanismo.

Con este novo trámite, o Executivo autonómico dá así hoxe un paso máis para desenvolver, mediante decreto o réxime xurídico das ECCOM e o seu rexistro, ao tempo que responde ao mandato recollido na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de decreto someteuse a consulta pública previa entre o 14 de xaneiro e o 3 de febreiro deste mesmo ano, e publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto da administración autonómica. Tamén se someteu a trámite de audiencia entre o 20 de marzo e o 10 de abril, remitíndose á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e a todos os colexios profesionais, colectivos e organismos interesados.

Todas as alegacións recibidas foron respostadas e, no seu caso, incorporadas ao texto do proxecto, sendo o proxecto resultante da fase anterior sometido a informe da asesoría xurídica xeral da Xunta.

O proxecto de decreto que se somete agora ao ditame do Consello Consultivo polo que se regulan as ECCOM e o seu rexistro consta de 51 artigos estruturados en cinco capítulos, completando esta regulación unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións finais.

Trala emisión do ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia, elevarase para a aprobación polo Consello da Xunta como Decreto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 1,5 M€ PARA MELLORAR A RELACIÓN DIXITAL DA CIDADANÍA CO SERVIZO PÚBLICO DE SAÚDE

- O presidente destaca que a medida axilizará e personalizará as comunicacións da cidadanía co sistema público de saúde, facilitará información individualizada aos doentes e acompañantes nas distintas áreas de urxencias e hospitalización dos hospitais
- Así mesmo, axudará a preparar as intervencións cirúrxicas e facilitará os tramites administrativos e a resolución de dúbidas mediante o uso de asistentes virtuais intelixentes
- Preténdese desenvolver novos servizos dixitais con base ás necesidades dos grupos poboacionais atendidos, fomentando a participación informada do usuario, e permitindo unha centralización e integración da comunicación co paciente pola canle que este prefira
- Na actualidade, a aplicación Sergas Móbil é empregada por máis dun millón de cidadáns cada mes e, desde ela, ofrécese unha ampla gama de servizos sanitarios
- O conxunto de servizos que se levarán a cabo a través desta contratación serán a maioría deles multicadle, desenvolvéndose na aplicación Sergas Móbil, na contorna dos dispositivos portátiles (web) e nos puntos de información dixitais que se atopan nos hospitais e centros de saúde

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Executivo galego destinará 1,5 M€ para mellorar a relación dixital da cidadanía co Servizo Público de Saúde en base a unha serie de iniciativas que reforzan ou complementan as xa existentes.

Esta medida responde á “pretensión de introducir as novas tecnoloxías” na sanidade pública galega e o obxectivo é, segundo sinalou Rueda, implantar melloras para “reforzar e personalizar” a comunicación entre profesionais sanitarios e os usuarios “a través do Sergas Móbil e outras canles dixitais”.

Nos últimos anos, a Consellería de Sanidade puxo en marcha unha serie de servizos dixitais que permitiron a interacción coa cidadanía dun xeito máis áxil. Así, na actualidade a aplicación Sergas Móbil é empregada por máis dun millón de cidadáns cada mes e, desde ela, ofrécense unha ampla gama de servizos sanitarios como son a identificación do cidadán a través da tarxeta sanitaria, a obtención de citas desde atención primaria, a consulta do historial médico ou o rexistro de variables clínicas.

Neste intre cómpre reforzar e ampliar estes canais, e o presidente detallou as distintas melloras en varios eixes de actuación,

En primeiro lugar, coa utilización de “asistentes virtuais intelixentes” para facilitar o uso dos sistemas. Estes asistentes integráranse na aplicación Sergas Móbil, permitindo guiar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a cidadanía nas aplicacións e posibilitando resolver dúbidas relativas ao uso dos distintos servizos que a rede sanitaria pública ofrece. O asistente admitirá a interacción mediante voz ou texto, sendo compatible co galego e castelán.

Así mesmo, tamén se personalizarán as comunicacións da sanidade galega co cidadán. Para elo desde Sergas Móbil será posible enviar “comunicacións personalizadas” ou recordatorios de actividades a realizar por parte do cidadán, agrupando as notificacións por temática e importancia, e activando as mensaxes en modo push no teléfono móbil para que non pasen desapercibidas.

Tamén, se o profesional sanitario o habilita, será posible manter unha mensaxería directa entre os profesionais e os paciente en tempo real cando ambos estean dispoñibles simultaneamente, ou en diferido para casos onde a resposta non necesita ser inmediata. Os pacientes poderán interactuar proporcionando datos de saúde ou imaxes. O profesional sempre terá o control para habilitar ou deshabilitar esta funcionalidade. Estes novos servizos complementan aos servizos de mensaxería asíncrona existente en TELEA ou a inclusión de información clínica habilitada xa en É-saúde.

O terceiro dos eixos, incidirá na mellora dos servizos de información e acompañamento. Esta iniciativa ten por obxecto achegar unha mellor información da situación na atención dos doentes, desenvolverase un sistema de acompañamento a doentes e familiares no servizo de urxencias, hospitalización e no hospital de día, que permita coñecer a situación particular de cada paciente no episodio de asistencia.

Xunto ao anterior, establecerase un servizo de “visita virtual” polo menos nas Unidades de Coidados Intensivos de neonatos, que permitirá aos pais achegarse ao paciente recentemente nado durante a súa estadía nas UCI neonatais mediante un streaming de vídeo en directo.

Mediante esta contratación, a Xunta tamén axilizará as tarefas previas a unha intervención cirúrxica. Neste senso, desenvolverá un asistente integral sobre a preparación de pacientes en procedementos terapéuticos/diagnósticos, cirurxía maior ambulatoria ou convencional.

Os servizos irán desde a posibilidade de firmar dixitalmente o consentimento informado desde Sergas Móbil, á recepción de vídeos ou documentos de axuda e requisitos necesarios para a preparación da intervención, ou ao envío de mensaxes recordatorias.

Entre outras prestacións, que tamén se desenvolverán, atópase a mellora dos trámites administrativos, dun xeito semellante ás citas de atención primaria. Poderá realizarse tamén o cambio ou anulación de citas de atención hospitalaria, tanto no caso das consultas externas como de probas diagnósticas ou coa posibilidade de solicitar a renovación da medicación crónica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao mesmo tempo o sistema ofertará un servizo de información ao cidadán con datos abertos do servizo de saúde e información personalizada ao contexto da área sanitaria e a seu centro de saúde.

O conxunto de servizos que se levarán a cabo a través desta contratación serán a maioría deles multicanle, desenvolvéndose na aplicación Sergas Móbil, na contorna dos dispositivos portátiles (páxina web) e nos puntos de información dixitais que se atopan nos hospitais e centros de saúde (PIM).

Ademais, Rueda sinalou que esta medida “enmárcase no Plan Estratéxico de Información Dixital do Servizo Galego de Saúde”, mediante o que o departamento sanitario galego está a centrar os seus esforzos na xestión intelixente dos datos e no uso da tecnoloxía avanzada para transformar o sistema sanitario público de Galicia.

O prazo de execución do contrato será ata rematar o ano 2027, podendo ser obxecto de dúas prórrogas.

O obxectivo desta contratación é impulsar un novo modelo de relación global de prestación de servizos á cidadanía a través da mellora de canles dixitais, orientándoas á proactividade e á axilización e optimización da atención, ademais de fomentar a accesibilidade.

Tamén se pretende promover a toma de decisións compartidas e favorecer a incorporación da perspectiva dos pacientes a través da súa propia avaliación.

Xunto ao anterior, é intención do departamento sanitario dispoñer dun medio centralizado para a comunicación co paciente pola canle que este prefira, que poida ser accesible desde calquera punto do sistema sanitario, e que permita a realización de campañas de promoción e prevención.

Outros obxectivos que procura esta actuación son fomentar a participación informada do usuario e tamén traballar na mellora do coñecemento e capacitación do cidadán respecto da súa saúde.

O obxectivo da Consellería de Sanidade é, por tanto, evolucionar o modelo de relación dixital que ten coa cidadanía en base a unha serie de iniciativas que pivotan sobre tres eixes fundamentais que son a estratexia de servizos, a adecuación dos procesos asistenciais e administrativos, e a tecnoloxía.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3,4 M€ Á COCIÑA DO NOVO MONTECELO, QUE ATENDERÁ 900 PACIENTES DIARIOS

- A Consellería de Sanidade licitará neste mes de xuño a cociña hospitalaria, que dará servizo á nova infraestrutura e ao actual hospital de Montecelo e instalarase a finais de ano
- O Servizo Galego de Saúde avanza na execución da fase inicial do equipamento para a posta en marcha do novo hospital público
- A instalación de equipamento de dosimetría e control de calidade dos aceleradores, necesario para os novos servizos de radioterapia e medicina nuclear, comezará no último trimestre deste ano
- Antes de que remate 2025 tamén está previsto instalar ecógrafos, a central de esterilización, a farmacia hospitalaria, sistemas de monitorización de pacientes e equipamento de alta tecnoloxía para urxencias, así como equipos de portátiles para a imaxe intraoperatoria
- O hospital pontevedrés será o primeiro de Galicia en contar con todos os seus quirófanos dixitais, o que posibilitará a xestión da imaxe dentro da sala de operacións e a integración cos sistemas operativos do Servizo Galego de Saúde como a historia clínica electrónica

A Consellería de Sanidade deu conta hoxe ao Consello da Xunta da próxima licitación da subministración e instalación do equipamento integral da cociña do Hospital Novo Montecelo por un importe de 3.455.878,55 euros.

A cociña hospitalaria atenderá, aproximadamente, 900 pacientes cada día, xa que dará servizo á nova infraestrutura e ao actual hospital de Montecelo. Segundo o plan de investimentos do Servizo Galego de Saúde, este mes de xuño será publicada a licitación e a previsión é que sexa instalada a finais de ano.

O contrato recolle a necesidade de contar con distintas zonas de elaboración de comidas, de tratamento de tubérculos, de condimentación, cociña de dietas, zona de empratado ou de recepción de mercadorías, sempre baixo o principio de seguridade alimentaria.

A licitación tamén considera os carros e bases necesarios para a distribución das comidas e sistemas de retermalización e posta en temperatura axeitada.

Recibir os primeiros pacientes

A licitación da cociña hospitalaria é unha das necesidades previstas na fase inicial do plan de investimentos do Novo Montecelo, relativa ao equipamento que se debe coordinar coa fase final da obra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Servizo Galego de Saúde está a avanzar nas licitacións e adxudicacións dos contratos da primeira fase do equipamento necesario para a posta en marcha do Novo Montecelo.

Así, no terceiro trimestre deste ano está previsto instalar elementos de suspensión e subministración (licitados por 1.838.111 euros) como son cabeceiros para pacientes críticos e columnas de cirurxía e de anestesia.

Agárdase poder instalar no último trimestre de 2025 ecógrafos para diversos servizos, cun orzamento de licitación de 5.023.315 euros; a central de esterilización (licitada por 2.312.273,70 euros); cabinas de seguridade, mesas de tallado e guindastres de pacientes (283.345,70 euros); un quirófano híbrido (1.754.500 euros); sistemas de monitorización de pacientes (2.268.447,50 euros); e a farmacia hospitalaria con dispensación automática de fármacos e almacenamento robotizado (2.565.000 euros).

Igualmente, dous TC e dúas salas de raios como o equipamento de alta tecnoloxía para o servizo de urxencias (1.110.000 euros) e arcos cirúrxicos e raios X portátiles para a imaxe intraoperatoria (1.071.000 euros) agárdase que sexan instalados antes de que remate o ano. Actualmente está en fase de elaboración de pregos.

O Hospital Novo Montecelo será o primeiro de Galicia en contar coa totalidade dos seus quirófanos dixitais, o que posibilitará a súa integración completa cos sistemas operativos do Servizo Galego de Saúde. Esta mellora permitirá a interconexión dos diferentes equipos xeradores de imaxe no quirófano, a transferencia de imaxe e son fóra do propio quirófano, ademais da integración dos datos nos sistemas corporativos do Sergas (como a historia clínica electrónica IANUS).

Para iso, licitarase tamén o control e a xestión da imaxe en quirófano (1.612.000 euros), que se publicará este mes.

Por outro lado, este ano instalarase o equipamento de dosimetría e control de calidade dos aceleradores (456.775 euros) necesarios para a posta en marcha dos servizos de radioterapia e medicina nuclear. Tamén se colocarán os equipos de control radiofísica (1.123.225 euros) e o equipamento e mobiliario (125.000 euros). Con estas novas unidades o Hospital Público de Pontevedra evitará o desprazamento a Vigo de máis de 500 pacientes ao ano.

Entre este ano e 2026 instalarase o mobiliario para o equipamento de laboratorios (1.670.000 euros) e equipamento de hospitalización como camas estándar (1.285.000 euros), camas para pacientes críticos (615.000 euros) e cadeiras de brazos de paciente (350.000 euros).

Adianto de equipamento

Este plan de investimentos do Novo Montecelo xa ten adxudicada a compra de lámpadas cirúrxicas (549.936,53 euros) e distintos tipos de respiradores (1.381.408,60 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do mesmo xeito, en 2023 investíronse 7,7 millóns de euros para dotar con equipamento de alta tecnoloxía os actuais servizos do hospital pontevedrés e cos cales se ampliarán os servizos do Novo Montecelo. Esta actuación foi financiada pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Así, permitiu adquirir, por un lado, dous equipos de tomografía computarizada e unha resonancia magnética -xa en uso no actual hospital-. E, polo outro, para crear en Pontevedra os servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, mercáronse dous aceleradores, unha gammacámara, un equipo de hemodinámica e outro de tomografía computarizada, que xa se atopan instalados no búnker do Novo Montecelo.

O Goberno galego está a realizar un investimento de 170 millóns de euros na construción do Hospital Novo Montecelo, ao que destina ademais outros 30 millóns en equipamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ACTIVARÁ ESTE MÉRCORES UNHA NOVA EDICIÓN DOS BONOS ACTIVA COMERCIO COA PREVISIÓN DE MOBILIZAR 8,5 M€ EN VENDAS NOS NEGOCIOS DE PROXIMIDADE ADHERIDOS

- O Consello do Goberno galego analizou un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a primeira convocatoria de axudas deste ano dos bonos Activa Comercio, dotada con 2,5 M€ e que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*
- Sinala que os cidadáns poderán descargar un bono desconto de ata 30 euros a partir do próximo 4 de xuño, que poderán utilizar nas tendas adheridas ata o seu esgotamento ou do orzamento global do crédito da convocatoria
- O prazo para a adhesión dos establecementos interesados leva aberto desde o pasado 20 de maio e, como novidade, este ano só deberán facelo unha única vez para todas as edicións de 2025, avanzando así na simplificación administrativa
- A Xunta de Galicia ten previsto destinar inicialmente 5 millóns de euros durante 2025 a esta campaña pioneira, buscando revalidar o éxito da iniciativa que desde 2021 xa leva mobilizados preto de 100 millóns de euros
- Medidas consolidadas coma esta súmanse ás máis de 70 actuacións a prol da visibilidade, a competitividade e a gobernanza do sector que se recollen no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego activará este mércores unha nova edición dos bonos Activa Comercio coa previsión de mobilizar 8,5 M€ en vendas nos negocios de proximidade adheridos.

Tal e como sinalou o titular do Executivo galego, esta medida está destinada a axudar a que os cidadáns “aforren nas súas compras” e impulsar un “sector clave” para a economía e vitalidade das vilas e cidades como é o comercio.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a primeira edición dos bonos Activa Comercio de 2025, co obxectivo de consolidar esta medida como unha ferramenta clave para incentivar as vendas e reforzar o vencello da cidadanía co seu comercio de proximidade.

Rueda sinalou que a iniciativa contará cun orzamento de 2,5 millóns de euros para descontos de ata “30€ por beneficiario” coa previsión de mobilizar en vendas arredor de “8,5 millóns de euros”. As bases para as persoas usuarias publicaranse mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), co fin de que poidan descargar os bonos “esta mesma semana”, a partir do mércores 4 de xuño.

En total, o Goberno galego ten previsto destinar inicialmente 5 millóns de euros durante 2025 a esta campaña, o que contribúe a fortalecer tanto a economía de proximidade como a competitividade do sector. Como novidade, este ano a adhesión dos establecementos á campaña –cuxo prazo abriu o pasado martes 20 de maio–

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizarase unha única vez para todas as edicións, o que reflicte así o compromiso da Xunta coa simplificación administrativa e cun modelo de xestión máis áxil.

O titular do Goberno galego referiuse ao rotundo éxito das edicións anteriores que avala a continuidade desta medida, que ten demostrado a súa capacidade para activar o consumo e apoiar o pequeno comercio. Desde a súa posta en marcha no ano 2021, o programa permitiu mobilizar “preto de 100 millóns de euros” no comercio retalista galego. Só no ano 2024, a Xunta destinou 7,5 millóns de euros en descontos, que impulsaron 600.000 transaccións comerciais nas catro provincias, o que xerou un volume de vendas de arredor de 34 millóns de euros nos máis de 7.500 establecementos adheridos.

Funcionamento da campaña

O presidente destacou que “a partir de este mércores 4 de xuño” ás 9,00 horas, as persoas consumidoras interesadas poderán descargar un bono desconto de 30 euros na web www.bonosactivacomercio.gal para empregar directamente na adquisición de produtos e servizos nos comercios adheridos —que poden seguir sumándose á campaña ata o esgotamento do crédito da convocatoria—. Os bonos están pensados para fomentar o consumo no momento da compra, o que favorece así a dinamización inmediata do comercio local.

Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalles un desconto de 5 euros. A rebaixa será de 10 euros para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros. A partir desta cantidade, o desconto alcanzará os 15 euros.

Como en anteriores ocasións, cada persoa poderá descargar un único bono nesta primeira edición da iniciativa en 2025. Non hai límite de usuarios, pero, unha vez esgotado o crédito total de 2,5 millóns de euros, os bonos descargados xa non se poderán utilizar, mesmo que non se teñan consumido na súa totalidade.

Medidas para revitalizar o comercio local

Medidas consolidadas como os Bonos activa comercio súmanse ás máis de 70 actuacións a prol da visibilidade, a competitividade e a gobernanza do comercio de proximidade que se recollen no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, unha folla de ruta estratéxica dotada con máis de 320 millóns de euros para reforzar un dos sectores clave da economía galega.

Na planificación tamén se inclúen accións pioneiras de comercio de atracción como a aposta pola recuperación de contornas comerciais urbanas de localidades senlleiras a través do proxecto singular Vilas vivas, ou Prato de mercado, que promoverá sinerxías entre as prazas de abastos e os restaurantes das súas contornas. Ademais, considéranse medidas específicas orientadas á remuda xeracional e á conexión coa mocidade, como a recente campaña Localízate, deseñada para que a rapazada de entre 12 e 16 anos xere vencellos de valor co comercio de proximidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 2.000 EUROS DE MEDIA POR EXPLOTACIÓN PARA AXUDAR A SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA EHE

- A Consellería do Medio Rural destina algo máis 5 millóns de euros para estas achegas que complementan as xa pagadas polas indemnizacións por mortes, que suman máis de 200.000 euros, chegando case a 5,23 millóns en total para facer fronte a esta doenza
- A Xunta iniciará o pagamento destas axudas en breve para as 2.559 explotacións que resultaron beneficiarias trala revisión das aceptacións de axuda presentadas despois da publicación da resolución provisional o pasado mes de xaneiro
- Máis dunha trintena de granxas perciben contías superiores aos 8.000 euros, o que exemplifica o compromiso económico do Goberno galego con esta doenza
- Con esta medida de apoio compénsase a morte de bovinos a causa desta enfermidade, pero tamén os custos dos tratamentos veterinarios para os animais afectados, así como os desinsectantes de gando e das instalacións

A Consellería do Medio Rural efectuará proximamente o pagamento de algo máis de 5 millóns de euros a case 2.560 explotacións gandeiras galegas beneficiarias das axudas directas para paliar as consecuencias da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE), financiadas con fondos propios do Goberno galego e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Concretamente, compensaranse as mortes dos animais positivos por esta doenza e, ademais, subvencionaranse os custos dos tratamentos veterinarios e desinsectantes dos animais e instalacións das explotacións afectadas nos anos 2023 e 2024.

Deste xeito, o Goberno galego mobiliza preto de 2.000 euros de media por explotación beneficiaria destas axudas pensadas para sufragar os gastos ocasionados por esta doenza. Cómpre salientar tamén que, máis dunha trintena de granxas, perciben contías superiores aos 8.000 euros, o que exemplifica o compromiso económico da Xunta coas explotacións afectadas.

As contías por animal falecido van dos 400 euros por bovino menor de 4 meses ata os 1.600 euros para aqueles de idade maior ou igual a 18 meses, e menor de 120, o que implica duplicar a contía media que recibían os gandeiros por este mesmo concepto ata o de agora. Esta axuda é complementaria coa orde de indemnizacións por morte que xa se pagou polo falecemento de 410 animais, cun importe de algo máis de 200.000 euros. Aqueles que se beneficiasen desta última orde de axudas recibirán a diferenza entre os baremos destas achegas concretas para EHE e os importes xa cobrados. Polo tanto, o Goberno galego inviste case 5,23 millóns de euros para paliar as consecuencias desta doenza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sobre as achegas dirixidas aos tratamentos veterinarios e desinsectantes de animais e instalacións, as contías que se concederán serán de 100 euros por animal afectado, no caso dos tratamentos, e de 20 euros por animal censado na explotación, ata un máximo de 4.000 euros por granxa, nos desinsectantes.

Menor carga burocrática

Estas axudas, ao ser directas, permitiron reducir a carga burocrática para os gandeiros, polo que os titulares das explotacións só presentaron unha aceptación da axuda sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación.

A listaxe definitiva elaborouse a partir dunha resolución provisional, publicada no mes de xaneiro. Os beneficiarios só tiveron que presentar a aceptación destas axudas e, tralas comprobacións pertinentes, procedeuse á elaboración da resolución final coa lista de beneficiados que se publicará en breve no *Diario Oficial de Galicia*.

Vacina dispoñible

A EHE é unha enfermidade infecciosa, pero non contaxiosa, producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides, spp.* Dada a vía de transmisión, esta doenza aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Hai, polo tanto, un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, en que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, esta doenza non afecta as persoas, que non poden enfermarse nin pola picadura do mosquito transmisor, por contacto con animais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non hai tratamento curativo, pero existen vacinas autorizadas pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, que están dispoñibles para a súa adquisición baixo prescrición veterinaria. Ademais da protección inmunolóxica que supón a administración da vacina, é fundamental a aplicación de medidas preventivas encamiñadas a evitar o contacto dos animais co mosquito vector, durante a época de circulación deste.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA POR PRIMEIRA VEZ AXUDAS PARA A RECRÍA DE RAZAS AUTÓCTONAS GANDEIRAS DE BOVINO E OVINO-CABRÚN AMEAZADAS POR 390.000 €

- A recría é unha actividade que permite aos gandeiros asegurar o reemprazo dos seus animais con exemplares criados na propia explotación desde o desleite
- Con esta medida procúrase a explotación sustentable dos recursos autóctonos e o mantemento da súa rendibilidade, así como a preservación da diversidade xenética destas razas
- Búscase tamén a redución do impacto ambiental mediante a promoción de sistemas de cría extensivos e adaptados á contorna, a mellora da economía do rural a través da calidade e a diferenciación dos seus produtos e a conservación do valor cultural e patrimonial destas razas
- A iniciativa súmase ás impulsadas ata o de agora pola Consellería do Medio Rural para o fomento destas razas autóctonas, mediante convenios de colaboración coas asociacións de criadores e cos programas do Centro de Recursos Zooxenéticos de Fontefiz, en Coles (Ourense)

A Xunta convocará este mesmo mes de xuño e por primeira vez unha liña de axudas específica á recría de razas autóctonas gandeiras de ruminantes ameazadas (razas bovinas e ovella e cabra galegas) dotada con 390.000 euros. Deste importe, 350.000 euros destinaranse ás achegas para titulares de explotacións de gando bovino (das razas cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa) e os 40.000 euros restantes aos titulares das explotacións de gando ovino e cabrún. O importe máximo das achegas por explotación será de 15.000 euros e por animal poderá acadar, como máximo, os 350 euros en bovino e os 60 euros en ovino/cabrún.

Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural do que hoxe tomou razón o Consello do Goberno galego e no que se sinala que a recría é unha actividade que permite aos gandeiros asegurar o reemprazo dos seus animais con exemplares criados na propia explotación desde o desleite.

Os obxectivos que se perseguen con esta medida son, en primeiro lugar, a explotación sustentable dos recursos autóctonos e o mantemento da súa rendibilidade. En segundo termo, a preservación da diversidade xenética destas razas. En terceiro lugar, a sustentabilidade agrogandeira e a redución do impacto ambiental mediante a promoción de sistemas de cría extensivos e adaptados á contorna. Tamén se procura a mellora da economía do rural a través da calidade e a diferenciación dos seus produtos, así como a conservación do valor cultural e patrimonial destas razas.

Esta iniciativa súmase ás impulsadas ata o de agora pola Consellería do Medio Rural para o fomento destas razas autóctonas, mediante convenios de colaboración coas asociacións de criadores e cos programas do Centro de Recursos Zooxenéticos de Fontefiz, en Coles (Ourense).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, os convenios cos criadores perseguen fomentar a utilización comercial destas razas, e tamén executar as actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sustentable destas e dos seus produtos derivados. Ademais, a Consellería do Medio Rural vén convocando anualmente axudas destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros para fomentar o uso destas razas.

Actuacións nos centros de Medio Rural

Cómpre engadir, asemade, as actuacións que se desenvolven nos centros que Medio Rural pon a dispor das razas e nomeadamente, para as de ruminantes, no Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia. Nel consérvanse os rabaños fundacionais de animais vivos da maioría destas razas, co fin de preservar a súa variabilidade xenética. Este centro tamén mantén o Banco de Xermoplasma Animal de Galicia, como medio de conservación do material xenético.

No informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta constátase que, grazas a estas medidas, a tendencia xeral dos rabaños de razas autóctonas galegas de ruminantes é positiva, aínda que nalgúns casos o número de exemplares non está a medrar. Por iso, considérase que cómpre implementar novas iniciativas que aseguren a viabilidade destas razas, caso destas axudas.

As razas gandeiras autóctonas de Galicia desempeñaron un papel fundamental na gandería tradicional galega. Están adaptadas ás condicións climáticas e xeográficas de Galicia e contribuíron á sustentabilidade dos sistemas de produción agropecuaria durante séculos. Representan un patrimonio xenético, cultural e produtivo de gran valor para a comunidade.